

**CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL
E TURISMO**

Resolución do 10 de xuño de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xuño de 2005, polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa da Dorna de Ribeira.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 9 de xuño de 2005, adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa da Dorna de Ribeira, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaracións de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento co disposto no artigo 20 do devandito decreto ordénase a publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* e a notificación ás persoas ou entidades organizadoras da festa e ao concello correspondente.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2005.

Andrés González Murga
Secretario xeral da Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

Resolución do 10 de xuño de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xuño de 2005, polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Festa das Danzas Ancestrais de Cangas.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 9 de xuño de 2005, adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Festa das Danzas Ancestrais de Cangas, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento co disposto no artigo 20 do devandito decreto ordénase a publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* e a notificación ás persoas ou entidades organizadoras da festa e ao concello correspondente.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2005.

Andrés González Murga
Secretario xeral da Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

Resolución do 10 de xuño de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xuño de 2005, polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Festa da Lamprea de Arbo.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 9 de xuño de 2005, adoptou, por proposta do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o seguinte acordo:

Declarar festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Festa da Lamprea de Arbo, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaracións de festas de Galicia de interese turístico.

En cumprimento co disposto no artigo 20 do devandito decreto ordénase a publicación do acordo no *Diario Oficial de Galicia* e a notificación ás persoas ou entidades organizadoras da festa e ao concello correspondente.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2005.

Andrés González Murga
Secretario xeral da Consellería de Cultura,
Comunicación Social e Turismo

Resolución do 27 de xuño de 2005 pola que se fai pública a concesión de axudas para apoiar o desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual, así como a produción audiovisual en lingua galega para o ano 2005.

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo resolveu a publicación da relación de axudas que se especifican nos anexos I e II, concedidas no ano 2005, ao amparo da Orde do 23 de decembro de 2004 (DOG nº 254, do 31 de decembro), pola que se convocan subvencións a empresas vinculadas co sector audiovisual para apoiar o desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual en lingua galega, así como a produción audiovisual en lingua galega, completada e modificada pola Orde do 25 de maio de 2005 (DOG nº 104, do 1 de xuño), que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.353B 770 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, resolveu a publicación da relación de axudas non concedidas que se especifican nos anexos III e IV, os proxectos non admitidos especificados nos anexos V e VI, así como a relación de renuncias aceptadas sinaladas no anexo VII.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2005.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación
Social e Turismo

ANEXO I

Relación de axudas concedidas para o desenvolvemento de proxectos de produción audiovisual

Documentais.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA SUBVENCION (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
CONTINENTAL PRODUCCIONES, S.L.	TROPEZANDO APRENDESE	35.672	0	35.672	20%	7.134,40		7.134,40
NEMEDON, S.L.	NON-CASAMENTO	29.354	0	29.354	20%	5.870,80		5.870,80
DYGRA FILMS	A VIAXE DAS ESTRELAS	81.520	0	81.520	20%	16.304,00		16.304,00
ESFEROBITE, S.C.	FRAME A FRAME	15.050	0	15.050	20%	3.010,00		3.010,00
ALDEA FILMS, S.L.	ARTESANIA DE GALICIA	45.582	0	45.582	20%	9.116,40		9.116,40
ALDEA FILMS, S.L.	CHILOE, TROPICO FRIO	40.918	0	40.918	20%	8.183,60		8.183,60
ADIVINA PRODUCCIONES, S.L.	AMAZONAS-VIDAS DE MUJERES URBANAS	39.323	0	39.323	20%	7.864,50		7.864,50
VOZ AUDIOVISUAL, S.A.	VAMPIROS	50.280	0	50.280	20%	10.056,00		10.056,00
ACUARELA COMUNICACION, S.L.L.	ANXEL CASAL, A LUZ IMPRESA	59.000	0	59.000	20%	11.800,00		11.800,00
NEMEDON, S.L.	A BOA MORTE	25.460	0	25.460	20%	5.092,00		5.092,00

Longametraxes de animación.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA SUBVENCION (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
DYGRA FILMS	EN BUSCA DE ONIRIA	103.104	0	103.104	20%	20.620,80		20.620,80
CONTINENTAL PRODUCCIONES, S.L.	AS AVENTURAS DE XOAN SEN MEDO	223.671	0	223.671	20%	44.734,10		44.734,10
DOEPROD S.L.	AS CRONICAS DO SOCHANTRE	131.190	0	131.190	20%	26.238,00		26.238,00

Longametraxes.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA SUBVENCION (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
FILMANOVA INVEST, S.A.	A SEGURIDADE DOS CANS	120.500	0	120.500	20%	24.100,00		24.100,00
VOZ AUDIOVISUAL, S.A.	ERIK	151.501	0	151.501	20%	30.300,20		30.300,20
FICCION PRODUCCIONES, S.L.	O SABRE DO FRANCES	164.700	0	164.700	20%	32.940,00		32.940,00
SERVICIOS AUDIOVISUAIS GALEGOS, SAGA TV, S.L.	A MALETA DE SOFIA	97.600	0	97.600	20%	19.520,00		19.520,00
VIA LACTEA FILMES	PRADOLONGO	71.482	37.000	108.482	20%	14.296,40	7.400,00	21.696,40
VACA FILMS STUDIO, S.L.	O OLLO DA AGULLA	75.500	0	75.500	20%	15.100,00		15.100,00
ARDORA FILMES, S.L.	LA BELLA OTERO A SEREA DOS SUICIDIOS	40.718	0	40.718	20%	8.143,60		8.143,60
VACA FILMS STUDIO, S.L.	O MILAGRE	54.000	36.000	90.000	20%	10.800,00	7.200,00	18.000,00
VOZ AUDIOVISUAL, S.A.	GARBO	149.702	0	149.702	20%	29.940,40		29.940,40
DIRECTO DE INFORMACION Y DIVULGACION, S.L.	O JALISCO	119.000	0	119.000	20%	23.800,00		23.800,00

Multimedia.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA SUBVENCION (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
ESTELA VASE	I+ D	34.800	0	34.800	20%	6.960,00		6.960,00
ALDEA FILMS, S.L.	A REDE	48.332	0	48.332	20%	9.666,40		9.666,40
INTERACCION COMUNICACION INTERACTIVA MULTIMEDIA, S.L.	CHATTING	51.514	0	51.514	20%	10.302,80		10.302,80
INTERACCION COMUNICACION INTERACTIVA MULTIMEDIA, S.L.	PASO DE OCA. O XOGO DO FIN DO MUNDO	25.336	0	25.336	20%	5.067,20		5.067,20
PIXEL GRAFICS, S.L.	VIDEOXOGO DONKEY	104.600	0	104.600	20%	20.920,00		20.920,00
FICCION PRODUCCIONES, S.L.	DESENVOLVEMENTO DE XOGO PARA TELEFONO MOBIL	61.800	0	61.800	20%	12.360,00		12.360,00

Series de televisión.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA SUBVENCION (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
CONTINENTAL PRODUCCIONES, S.L.	EMBASSY	160.789	0	160.789	20%	32.157,80		32.157,80
VOZ AUDIOVISUAL, S.A.	NUARKA	102.671	0	102.671	20%	20.534,20		20.534,20
VOZ AUDIOVISUAL, S.A.	A VIDA POR DIANTE	80.211	0	80.211	20%	16.042,20		16.042,20
FILMANOVA SHOW, S.L.	RITA E FLINCH (O POR QUE DAS COUSAS)	109.000	0	109.000	20%	21.800,00		21.800,00
ZENIT TELEVISION, S.A.	AVOGADOS	106.135	0	106.135	20%	21.227,00		21.227,00
VOZ AUDIOVISUAL, S.A.	ALTA MAR	80.510	0	80.510	20%	16.102,00		16.102,00
PRODUCCIONES VIGO, S.L.	EXPLORADORES GALEGOS DO PACIFICO	61.380	0	61.380	20%	12.276,00		12.276,00
FILMANOVA, S.L.	ALTERADAS	48.800	0	48.800	20%	9.760,00		9.760,00
TV SIETE, S.L.	NOS	98.700	0	98.700	20%	19.740,00		19.740,00
VOZ AUDIOVISUAL, S.A.	O GREMIO	81.821	0	81.821	20%	16.364,20		16.364,20
PRODUCTORA FARO-LEREZ, S.L.	MALFADADO: O ALEN DA LENDA	63.590	0	63.590	20%	12.718,00		12.718,00
VOZ AUDIOVISUAL, S.A.	EVA	82.564	0	82.564	20%	16.512,80		16.512,80
TV SIETE, S.L.	ENTRE BASTIDORES	66.600	0	66.600	20%	13.320,00		13.320,00

Telefilmes.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA SUBVENCION (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
PORTICO DE COMUNICACIONES, S.L.	ATRAPADOS EN RIPALIA	52.500	0	52.500	20%	10.500,00		10.500,00
FILMANOVA, S.L.	FUTBOL DE ALTERNE	77.000	0	77.000	20%	15.400,00		15.400,00
CONTINENTAL PRODUCCIONES, S.L.	ASASINATO DUN SIAREIRO	69.914	0	69.914	20%	13.982,80		13.982,80
SERVICIOS AUDIOVISUAIS GALEGOS, SAGA TV, S.L.	EN BRANCO E NEGRO	68.000	0	68.000	20%	13.600,00		13.600,00

ANEXO II

Relación de axudas concedidas para a produción de proxectos de produción audiovisual

Documentais.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
ALDEA FILMS, S.L.	MULLER.ES	237.668	0	237.668	15%	35.650,88		35.650,88
VOZ AUDIOVISUAL, S.A.	GALICIA VERDE	89.930	0	89.930	15%	13.489,50		13.489,50
PRODUCTORA FARO-LEREZ, S.L.	SECANDO O VENTO DO MAR	52.000	0	52.000	15%	7.800,00		7.800,00
FORMATO, S.L.	ESES TOLOS BAIXIÑOS	130.000	0	130.000	15%	19.500,00		19.500,00
NEMEDON, S.L.	A OUTRA ESCOLA	32.991	39.601	72.592	15%	4.948,65	5.940,15	10.888,80
ADIVINA PRODUCCIONES, S.L.	LOS CUMBIANCHEROS DEL OESTE	73.188	0	73.188	15%	10.978,13		10.978,13
SERVICIOS AUDIOVISUAIS GALEGOS, SAGA TV, S.L.	LUCES E SOMBRAS NO MAR DE FISTERRA	71.485	0	71.485	15%	10.722,75		10.722,75
DIRECTO DE INFORMACION Y DIVULGACION, S.L.	MEIGAS	29.040	0	29.040	15%	4.356,00		4.356,00
GALICIA MEDIA, S.L.	RUTAS DE COSTA EN GALICIA	23.297	32.067	55.364	15%	3.494,55	4.810,05	8.304,60
ACUARELA COMUNICACION, S.L.L.	DE MAR, AMAR	76.880	0	76.880	15%	11.532,00		11.532,00
RADI VIDEO, S.L.	O IMPERIO TEXTIL	65.329	0	65.329	15%	9.799,35		9.799,35
PRODUCTORA FARO-LEREZ, S.L.	O MUNDO LUSO TERRAS DE ACOLA	154.438	0	154.438	15%	23.165,70		23.165,70

Longametraxes de animación.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
FILMAX ANIMATION, S.L.	DONKEY.XOTE	4.832.258	2.268.534	7.100.792	9,15%	159.074,83	41.811,03	200.885,86
DYGRA FILMS	NOITE DE PAZ?	2.598.073	2.859.637	5.457.710	10,99%	128.813,17	72.072,69	200.885,86
DEBOURA CULTURAL S.L.	BIEITO DUBIDOSO	2.509.440	585.020	3.094.460	15%	162.907,59	37.978,27	200.885,86
IGNACIO BENEDETI CINEMA S. L.	LINKO KILLER MACHINE	450.000	1.100.500	1.550.500	15%	71.828,81	129.057,05	200.885,86

Longametraxes.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
CASTELAO	LOS JUSTOS	1.847.515	430.522	2.278.037	10%	150.000,00		150.000,00
FILMANOVA INVEST, S.A.	PORTOVERO	285.675	666.575	952.250	10%	28.567,50	66.657,50	95.225,00
CONTINENTAL PRODUCCIONES, S.L.	CONCURSANTE	864.424	335.576	1.200.000	10%	86.442,40	33.557,60	120.000,00
ALDEA FILMS, S.L.	HEROE	578.585	330.119	908.704	10%	57.858,54	33.011,88	90.870,42
ADIVINA PRODUCCIONES, S.L.	O NENO DE BARRO	1.126.535	209.283	1.335.818	10%	112.653,48	20.928,30	133.581,78
VACA FILMS STUDIO, S.L.	CARGO	1.213.577	0	1.213.577	10%	121.357,74		121.357,74
VIA LACTEA FILMES	AKKI	715.662	565.554	1.281.216	10%	71.566,17	56.555,38	128.121,55
PRODUCTORA FARO-LEREZ, S.L.	CONTAR DE MEMORIA	320.563	0	320.563	10%	32.056,31		32.056,31
MILOU FILMS, S.L.	DIAS AZUIS	667.100	1.338.324	2.005.424	10%	69.897,18	80.102,82	150.000,00
FORMATO, S.L.	MIA SARAH	1.365.497	496.599	1.862.096	10%	130.930,93	19.069,07	150.000,00
XAMAL FILMES, S.L.	UN CUENTO PARA OLIVIA	1.088.490	0	1.088.490	10%	108.849,00		108.849,00

Multimedia.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
CLAVE RECORDS, S.L.	CONTOS DE FADAS PARA INSOMNES	73.186	0	73.186	15%	10.977,90		10.977,90
INTERACCION COMUNICACION INTERACTIVA MULTIMEDIA	XOGOS TRADICIONAIS PARA SOPORTES INNOVADORES	93.003	22.920	115.923	15%	13.950,45	3.438,00	17.388,45
GALICIA MEDIA, S.L.	GALICIA MAR ABERTO	36.640	56.569	93.209	15%	5.496,00	8.485,35	13.981,35

Series de televisión de animación.

PRODUTORA	TITULO PROXECTO	INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE (€)			PORCENTAXE AXUDA	CONTIA (€)		
		2005	2006	TOTAL		2005	2006	TOTAL
TOMAS CONDE RODRIGUEZ	MIAU	174.900	0	174.900	15%	26.235,00		26.235,00
KMEDIA CONOCIMIENTO Y MULTIMEDIA, S.L.	MAIS ALA DAS NUBES	209.663	0	209.663	15%	31.449,38		31.449,38

ANEXO V**Relación de proxectos non admitidos na modalidade de desenvolvemento**

PRODUTORA	PROXECTO	MOTIVO
HILVANA S.L.	BENS DE INTERESE CULTURAL	ARTIGO 71 DA LEI 30/1992, DO 26 DE NOVIEMBRE
DOCUMENTA VIDEO PRODUCCIONES, S.L.	ANCORADA NO TEMPO	ARTIGO 5 C) DA ORDE DE CONVOCATORIA
IBISA TV, S.L.	COCINA ATLANTICA	ARTIGO 3 DA ORDE DE CONVOCATORIA

ANEXO VI**Relación de proxectos non admitidos na modalidade de produción**

SOLICITANTE	PROXECTO	MOTIVO
PRODUCTORA FARO LEREZ	BOS TEMPOS PARA A LIRICA	ARTIGO 71 DA LEI 30/1992, DO 26 DE NOVIEMBRE
EXITO, S.C.	CORAIS DE GALICIA A GRAN COLECCIÓN	ARTIGO 71 DA LEI 30/1992, DO 26 DE NOVIEMBRE

ANEXO VII**Relación de renuncias aceptadas**

PRODUTORA	PROXECTO	DATA DA RENUNCIA
CONTINENTAL PRODUCCIONES, S.L.	O DON	10-MARZO-2005
FILMANOVA INVEST, S.L.	CARMO	1-ABRIL-2005

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 6 de xullo de 2005 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura, convocadas pola Orde do 7 de decembro de 2004.

A Orde do 7 de decembro de 2004 pola que se particulariza para o exercicio 2005 o procedemento de concesión de axudas para a creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de manipulación, transformación, conservación, tratamento e comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura (DOG nº 252, do 29 de decembro de 2004), modificada pola Orde do 30 de xuño de 2005, establece no seu artigo 1º o importe da contía máxima das axudas que ao abeiro da mesma poderán ser concedidas ós seus solicitantes.

Unha vez revisado os expedientes presentados ao amparo da devandita orde, comprobouse que o importe total solicitado destas axudas superaba con creces a existencia de crédito, o que faría imposible atender a demanda da maior parte das solicitudes presentadas.

Non obstante e como consecuencia de que con posterioridade á publicación da orde, foron aprobadas unha ampliación dos límites de compromisos plurianuais e unha ampliación de crédito, o importe inicialmente dotado pode ser incrementado notablemente.

Como consecuencia deste feito vense observando que a decisión empresarial neste intre é claramente emprendedora e polo tanto sería desexable atender o maior número posible de expedientes solicitados.

Tendo en conta o indicado na Orde do 30 de xuño de 2005 pola que se modifica a Orde do 7 de decembro de 2004, os importes poderán ser ampliados en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Considerando todo o dito anteriormente é polo que cómpre ampliar o importe da contía máxima das axudas que poderán ser concedidas ó abeiro da referida Orde do 7 de decembro de 2004 coa finalidade de chegar as mesmas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas

DISPONGO:

Artigo único.

Primeiro. Ampliase o importe da contía máxima das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 7 de decembro de 2004 (DOG nº 252, do 29 de decembro de 2004) na forma seguinte:

a) Para o exercicio orzamentario 2005 ampliase o importe na cantidade de 5.385.848,50 € euros con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.721V.770.0 que figura dotada nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005.

b) Para expedientes de gasto que sexan executados en varias anualidades, sempre que exista crédito para a primeira anualidade e que se cumpran os requisitos do artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, para as anualidades no ano 2006 ampliase o importe na cantidade de 17.778.000 €. A aplicación orzamentaria correspondente será a 12.03.721V.770.0.

Segundo. A presente modificación non afecta ao prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2005.

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos